



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Febreiro 2020


Santiago de Compostela, 03 de abril de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) registrou en febreiro de 2020 un avance do 2,8% con respecto a febreiro de 2019, mentres que a nivel nacional a subida foi do 0,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, equipo e intermedios creceron un 0,8%, 15,4% e 0,3% respectivamente. Pola contra, a enerxía decreceu un 4,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que suma 4,7 puntos, a “industria da alimentación” que achega 1,1 puntos e “outras industrias extractivas” que engaden 0,4 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de produtos metálicos” e a “fabricación de bebidas”, que restan 0,9 puntos cada unha delas e a “fabricación doutro material de transporte” que minora 0,7 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de febreiro de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual positiva do 2,8%, empeorando en unha décima a taxa rexistrada no mes precedente (2,9%). En España rexistrouse un crecemento do 0,1%, mellorando en 3,9 puntos a taxa acadada no mes anterior (-3,8%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 0,8%, o que achega 0,2 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 15,4%, o que suma 3,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** crecen un 0,3%, cunha repercusión positiva de 0,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 4,9% e minora 1,2 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2020, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,2 puntos, os bens de equipo melloran 7,2 puntos, os bens intermedios restan 1,3 puntos e a enerxía resta 1,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de febreiro foron: “fabricación de vehículos de motor” que suma 4,7 puntos, a “industria da alimentación” que achega 1,1 puntos e “outras industrias extractivas” que engaden 0,4 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas destacan a “fabricación de produtos metálicos” e a “fabricación de bebidas”, que restan 0,9 puntos cada unha delas e a “fabricación doutro material de transporte” que minora 0,7 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -10,4% de Baleares e o 7,5% de Navarra. Presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Comunitat Valenciana (3,5%), Galicia (2,8%), Extremadura (2,7%), Murcia (1,9%), Canarias (1,2%), Madrid (1,1%), Aragón (0,7%) e Cataluña (0,6%).

IPI febreiro 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	104,4	2,8	2,8	--	--
Bens de consumo	103,5	0,8	3,8	0,2	0,8
Bens de equipo	108,9	15,4	11,8	3,7	2,8
Bens intermedios	116,3	0,3	0,9	0,1	0,3
Enerxía	89,2	-4,9	-4,0	-1,2	-1,1
España					
Xeral	104,3	0,1	-1,9	--	--
Bens de consumo	99,6	-1,1	-2,7	-0,3	-0,7
Bens de equipo	114,9	0,5	-0,8	0,1	-0,2
Bens intermedios	109,5	1,5	-0,7	0,5	-0,2
Enerxía	91,7	-0,9	-3,8	-0,2	-0,8

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2020

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	2,8		2,8		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	40,0	4,7	35,5	4,0	13,1
Industria da alimentación	8,6	1,1	6,1	0,8	13,2
Outras industrias extractivas	48,3	0,4	32,5	0,3	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	12,5	0,3	7,1	0,2	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	12,6	0,3	1,7	0,0	2,0
Outras industrias manufactureiras	40,0	0,2	35,9	0,2	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5,6	0,2	6,9	0,2	4,1
Fabricación de mobles	9,2	0,1	15,1	0,1	1,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1,2	0,1	-1,4	-0,1	5,1
Industria química	2,5	0,0	2,5	0,0	1,5
Industria téxtil	2,3	0,0	1,5	0,0	0,6
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0,0	0,0	-1,9	-0,4	22,3
Industria do papel	-5,7	-0,1	-5,7	-0,1	2,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-6,3	-0,2	-5,1	-0,1	2,6
Confección de roupa de vestir	-5,8	-0,3	15,4	0,6	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-17,0	-0,3	-0,6	0,0	1,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-10,0	-0,5	-5,2	-0,2	3,6
Fabricación doutro material de transporte	-36,7	-0,7	-36,6	-0,7	2,0
Fabricación de bebidas	-26,3	-0,9	-21,7	-0,7	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-9,9	-0,9	-10,4	-1,0	7,7
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	104,3	0,1	-1,9
Galicia	104,4	2,8	2,8
Andalucía	95,1	-5,7	-8,9
Aragón	110,7	0,7	-0,7
Asturias	97,5	-2,9	-5,6
Baleares (Illes)	78,6	-10,4	-9,6
Canarias	93,0	1,2	-0,3
Cantabria	107,6	-7,0	-6,1
Castilla - La Mancha	96,7	-4,1	-5,0
Castilla y León	99,5	-0,8	-0,3
Cataluña	106,9	0,6	-2,6
Comunitat Valenciana	108,6	3,5	1,4
Extremadura	94,1	2,7	0,7
Madrid	107,9	1,1	-0,6
Murcia	105,4	1,9	0,1
Navarra	111,1	7,5	7,3
País Vasco	105,9	-0,7	-3,4
Rioja (La)	93,7	-1,8	-2,8

Fonte: INE